



Xabier Bermúdez Salgueiro
Vogal de Calidade de Leite de Anembe

O veterinario como garante da saúde animal e humana

► A FUNCIÓN DOS VETERINARIOS É A DE FACERLLE CHEGAR AO CONSUMIDOR ALIMENTOS DE CALIDADE, PRODUCIDOS BAIXO OS PARÁMETROS SANITARIOS E DE BENESTAR QUE NOS MARCA A LEXISLACIÓN E, POR SUPOSTO, CON TODAS AS GARANTÍAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Historicamente, a figura do veterinario foi un garante do control da calidade e a hixiene das producións animais desde a orixe ata que estas chegan á mesa do consumidor final. Non en balde, o lema da nosa profesión é "*Higia pecoris, salus populi*" ("A hixiene do gando, a saúde do pobo"). Velar por unha boa hixiene, saúde e benestar nas producións animais é velar, en definitiva, pola saúde humana.

O noso labor como veterinarios abarca todos os elos na produción de alimentos de orixe animal: a hixiene nos procesos de obtención deses alimentos, a medicina dos animais

como individuos, a medicina do rabaño, a prevención e o control das zoonoses –aquelas enfermidades que os animais lles poden transmitir aos humanos–, o benestar animal, o control deses alimentos unha vez pasan á cadea de transformación e, finalmente, o control dos alimentos antes de que cheguen ao consumidor final.

Os veterinarios que traballan en granxa son a primeira barreira que garante as boas prácticas á hora de producir alimentos. Ademais, son os encargados de velar pola saúde e o benestar dos animais e de asesorar tecnicamente os gandeiros para que estes rendibilicen economicamente os seus investimentos en áreas como a reprodución, a calidade de leite, a alimentación ou a xenética. Unha vez que as producións chegan á industria transformadora, son os veterinarios oficiais quen se encargan da sanidade e o control das mesmas: matadoiros, salas de despezamento, industrias lácteas... Podemos afirmar que a función dos veterinarios, desde a granxa ata o prato, é a de facerlle chegar ao consumidor alimentos de calidade, producidos baixo os parámetros sanitarios e de benestar que nos marca a lexislación e, por suposto, con todas as garantías hixiénico-sanitarias.

Se profundamos no labor do veterinario de explotación, na actualidade este parécese máis a unha figura de asesor que á que podemos asociar tradicionalmente como médico dos animais da granxa. Se ben a medicina, tanto individual coma do rabaño, segue sendo unha parte moi importante do noso traballo, tamén tivemos que adoptar outros roles relacionados co asesoramento técnico e mesmo económico. Se o pensamos ben, unha granxa é unha empresa que canto mellor faga as cousas máis rendibilidade sacará e son os

propios gandeiros e as súas circunstancias os que nos fixeron evolucionar cara a ese papel de asesores ou consultores. A visión de curar evolucionou á de previr, xa que esta é moito máis rendible e é aí onde os veterinarios progresamos na nosa función. Hoxe traballamos moito en conceptos como eficiencia, manexo de animais, manexo dos recursos humanos... e temos por diante desafíos como a pegada de carbono, a racionalización do uso de antibióticos ou a propia sustentabilidade das producións.

Vivimos nuns tempos nos que a sociedade decidiu que hai que producir alimentos minimizando o uso de antibióticos para a súa obtención. Aquí deberíamos facer unha análise previa, xa que non é o mesmo utilizalos para mellorar as producións que para curar os animais. O enfoque debe ser, pois, o de racionalizar o uso antibiótico, non eliminalo, xa que isto nos levaría á situación anterior a 1928, cando Alexander Fleming descubriu a Penicilina G. Reducir os antibióticos sen máis, sen un asesoramento por parte dos veterinarios que traballan nas granxas, podería ser contraproducente e incluso tirar por terra o traballo de anos. Por exemplo, eliminar a terapia de antibiótico de secado en saba en explotacións leiteiras con alta prevalencia de xermes adaptados (potencialmente contaxiosos) podería levalas a un grave problema de saúde de ubre. Na miña opinión, deberíamos falar de "uso racional de antibióticos" no canto de usar termos coma reducir ou eliminar. De todos os xeitos, a indicación de cando e como usalos debería ser sempre dos veterinarios.

Desde o punto de vista económico, os antibióticos usados na produción animal son unha partida moi pequena na conta final de resultados dunha

► REDUCIR OS ANTIBIÓTICOS SEN MÁIS, SEN UN ASESORAMENTO POR PARTE DOS VETERINARIOS QUE TRABALLAN NAS GRANXAS, PODERÍA SER CONTRAPRODUCENTE E INCLUSO TIRAR POR TERRA O TRABALLO DE ANOS

granxa, polo que reducir o seu uso mediante unha mellor racionalización vai supor pouco ou moi pouco aforro ao final do ano para o gandeiro. A sanidade dos individuos e do rabaño é moi importante, tanto para o benestar dos animais como para a rendibilidade final das explotacións. Se queremos usar menos antibióticos debemos traballar máis para que os animais non caian enfermos, polo que teremos que destinar máis recursos á prevención. Poderíase dicir que, como mínimo, o que se deixe de gastar en antibióticos debería gastarse en accións preventivas, tales como a implementación de melloras na ventilación das granxas, o investimento en vacinas, a aplicación de programas de saúde de ubre etc.

Que se está facendo desde Anembe? Como asociación nacional de especialistas en vacún que somos, asistimos a todas as reunións que se convocan desde o Ministerio e desde outros organismos autonómicos e provinciais, así como as impulsadas polos colexios oficiais de veterinarios, para dar o noso punto de vista e achegar a nosa experiencia. Ademais, creamos o grupo de traballo “Resistencia Antibióticos”, no que se puxo o foco na racionalización do uso de antibióticos para previr, precisamente, as resistencias. A día de hoxe hai postas en marcha algunhas iniciativas concretas, coma o secado selectivo no vacún leiteiro, accións que buscan un amplo consenso para ser publicadas e actuar como guía de boas prácticas.

Neste contexto cabe mencionar a aparición das chamadas “terapias alternativas”, moi relacionadas con esta nova visión de uso racional dos antibióticos da que vimos falando. A proliferación destas terapias é unha oportunidade para moitas empresas que buscan ocupar o nicho de mercado que deixarán estes medica-

mentos. A función dos veterinarios neste aspecto é a de verificar que os produtos que se vaian introducir nas granxas cumpran certos requisitos, a través de probas contrastadas de eficacia, estudos científicos que os avalen etc. Non todo vale e debemos facerlles entender aos gandeiros que hai que escapar dos produtos milagre. A clave sempre está no manexo, en previr e en facer ben as cousas. As variñas máxicas non existen.

Para terminar permítanme facer unha reflexión sobre os moitos cambios que se produciron na nosa profesión nos últimos anos. A pesar de que nas nosas facultades non hai especialización, certo é que moitos veterinarios se foron especializando nas distintas disciplinas da medicina da produción e, neste punto, creo que é de xustiza dicir que isto sucedeu, en boa medida, grazas a asociacións como Anembe, que fixeron un excelente traballo de formación para todos os veterinarios do sector das producións do vacún.

Se ben é verdade que a figura do veterinario clínico foi perdendo peso, a súa presenza segue sendo imprescindible, pois, como xa comentei, a sanidade dos animais segue tendo un peso importante no noso traballo. Con todo, foron xurdindo outras figuras paralelas que, a día de hoxe, son moi relevantes nas explotacións: nutrólogos, veterinarios especialistas en reprodución, técnicos de calidade de leite, veterinarios de ADS... Por

iso, é moi común que nunha mesma granxa poidan estar traballando tres ou catro veterinarios. O desafío que temos por diante é o de aprender a comunicarnos máis, a traballar de forma máis coordinada, xa que os distintos campos da medicina da produción non son estancos, senón que están directamente relacionados uns con outros e todos se afectan.

Desde Anembe, sen medo a caer na autocompracencia, estamos seguros de que en España a calidade dos nosos veterinarios non ten nada que envexar á doutros países ou rexións da nosa contorna e a nosa misión é, e seguirá sendo, a de achegar ciencia para que o nivel siga subindo. ■